INFORMACIÓN

# OPE ENFERMERÍA

## 25 XUÑO 2023 | 10.00H

**RECINTO DA FEIRA INTERNACIONAL SEMANA VERDE DE GALICIA**

**Ubicación** | **Mapa accesos** | **Horarios Bus**

### Lugar de realización:

Recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda. Ubicación: https://goo.gl/maps/p1BxHD8aAznp1V337

### Transporte:

A empresa **Monbús** oferta servizos especiais para o traslado o mesmo día das probas, desde distintas cidades de Galicia ao Recinto de Silleda.

Consulte aquí o **mapa e portas de acceso** ao recinto.

## Hora de entrada de aspirantes

**10:00 horas**

Debe situarse na porta de acceso que lle corresponde. **Consulte na páxina web** o listado aspirantes e portas.

## A acreditación para o acceso realizarase a través de código QR.

Na **Oficina Virtual do Profesional** (FIDES/expedient-e)-sección de procesos, deberá descargar o código QR, que deberá **imprimir e presentar** o día do exame ao persoal colaborador da porta que lle foi asignada. O código QR conterá información do lugar, data e hora de realización dos exercicios e da porta de acceso que lle corresponde.

## Lembre...

» Debe asistir ao exame co seu **DNI ou documento identificativo, bolígrafo negro ou azul de tinta indeleble** e o **código QR impreso,** que deberá conservar ata a finalización da proba.

» **Non** está permitida a entrada con auriculares, aparellos de electrónicos, telefonía móbil/dixital, reloxos ou soportes con memoria. **Non haberá servizo de recollida** destes dispositivos.

» As persoas aspirantes con **adaptación de posto** realizarán a **entrada pola porta 0**.

» **Non poderá acceder** á zona de exame **con alimentos**, salvo causa médica xustificada. Só, de resultar imprescindible, pode traer un bolso ou mochila pequena que deberá situar no chan durante a realización dos exercicios.

» No interior do pavillón logo de efectuado o control de acceso, debe **dirixirse ao posto que lle indique o persoal colaborador** e durante a realización dos exercicios non pode abandoar o seu posto sen autorización do persoal colaborador.

» Disporá de **aseos no exterior** do recinto. No interior poderá acceder aos mesmos logo do comezo do exercicio específico, salvo causas médicas xustificadas e mulleres embarazadas.

» **A partir do día seguinte** ao de realización dos exercicios, os/as aspirantes presentados terán á súa disposición na Oficina Virtual do Profesional (Fides/expedient-e) o **certificado de asistencia ao exame**. Non se facilitará ningún certificado no lugar de realización das probas.

**O Recinto dispón para estas probas dunha Oficina de Información, Servizos médicos e Sala de lactancia**

Para máis información pode dirixir a súa consulta á: **oposicions@sergas.es**